

PATHER PANCHALI (A MÚSICA DO CAMIÑO) 1788

Satyajit Ray, 1955

ESTREA EN NUMAX: 09.07.2026 | V.O.S.E. | 115 min

Narra a historia dunha familia bengalí axexada pola mala sorte. O pai, Harihara, é un sacerdote, curandeiro, soñador e poeta. Sabajaya, a nai, traballa para alimentar á súa familia, que recibe con alegría e esperanza a chegada dun novo fillo, Apu.

«Non ter visto o cinema de Ray é
como pasar por este mundo sen ter
visto o sol ou a lúa»

Akira Kurosawa



PATHER PANCHALI (A MÚSICA DO CAMIÑO)

Satyajit Ray, 1955

EUROPA
CINEMAS
Creative Europe MEDIA

O vello e o novo

Acotío, cando se fala de Neorrealismo no cinema, adoita pensarse só na cinematografía italiana e en autores como Vittorio De Sica, Roberto Rossellini ou Luchino Visconti. Con todo, facer isto supón simplificar un movemento cinematográfico (un dos máis importantes e influentes da historia) do que xurdiron exemplos por medio mundo despois da Segunda Guerra Mundial e dos procesos de descolonización iniciados a mediados do século pasado. Por tanto, non debemos considerar o Neorrealismo como o froito artístico dunha conxuntura nacional concreta, senón como a consecuencia dunha situación socioeconómica xeralizada a nivel planetario. Se a Primeira Guerra Mundial xerou unha serie de monstros no subconsciente colectivo que terminaría plasmándose a través do expresionismo xurdido en Alemaña, a Segunda, de resultados aínda máis destrutivos no plano material e humano, espertou unha conciencia de denuncia social nos cineastas máis comprometidos do seu tempo: os tres anteriormente citados en Italia, Jean Renoir en Francia, José Antonio Nieves Conde ou Fernando Fernán Gómez en España, Luis Buñuel en México, Mikio Naruse ou Keisuke Kinoshita no Xapón, e o que agora nos ocupa, Satyajit Ray, na India.

Pather Panchali (*A canción do camiño*) é unha película de enorme fisicidade, na que a exuberante vexetación india cobra unha especial relevancia (a extraordinaria fotografía en branco e negro de Subrata Mitra lembra moito á de Kazuo Miyagawa en *Rashômon* -Akira Kurosawa, 1950-). Mediante o retrato do día a día dunha familia que malvive na selva de Bengala, Satyajit Ray, dacabalo entre o realismo documental, a mirada poética e o humanismo, consegue plasmar unha maxistral reflexión arredor do paso do tempo e ás distintas etapas do ciclo vital, coutadas polos dous acontecementos máis importantes: o nacemento e a morte.

A familia protagonista do relato está composta por Harihar (Kanu Bannerjee), o pai, unha mestura de sacerdote e poeta, tan inxenuo como fracasado, que a duras penas pode manter os seus realizando traballos mal pagos, aquí e alá, que o manteñen afastado do fogar durante longos períodos; Sarbojaya (Karuna Bannerjee), a nai, unha muller traballadora e de carácter forte que dedica todo o seu tempo a tentar sacar adiante a súa casa e os seus fillos; Indir (Chunibala Devi), a anciá e caprichosa avoa, e un dos personaxes máis entrañables da historia do cinema; Durga (Runki Banerjee/ Uma Dás Gupta), a filla maior de Harihar e Sarbojaya, á que vemos crecer e pasar de nena a adolescente entre xogos e rifas da súa nai pola súa condición de ladroa; e Apu (Subir Banerjee), o pequeno da familia: o personaxe central da triloxía á que se coñece precisamente polo seu nome.

Ray, en cuxo traballo de dirección impera en todo momento o gusto pola composición de cada plano e a integración da paisaxe natural como un personaxe máis dentro da historia, mostra un grande interese pola captación dos sons, procedan estes da natureza ou da próxima vía de ferrocarril, metáfora da modernidade e dese progreso económico que tanto se lle resiste á inesquecible familia protagonista desta obra mestra.

Publicado en elhombremartillo.es

NUMAX 10
numax.org